



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### IV. ENTIDADES LOCALES

#### Amoeiro

##### Anuncio

##### Selección de 1 auxiliar administrativo

Posto de traballo: 1 praza de auxiliar administrativo, mediante contrato temporal para obra/servizo determinado por un prazo de tres meses (do 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2016).

Presentación de solicitudes: no Rexistro de entrada do Concello de Amoeiro (de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres), ou ben, mediante o procedemento que regula o artigo 38.4 da Lei 30/1992.

Prazo de presentación: durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos do concello (se o último día do prazo coincide con sábado, entenderase prorrogado ao seguinte día hábil).

Documentación: instancia dirixida ao alcalde, acompañada da documentación acreditativa dos requisitos esixidos e dos méritos que se desexen alegar.

Requisitos e criterios de selección: de acordo coas bases aprobadas a disposición dos/as interesados/as nas oficinas do concello e publicadas na páxina web do concello ([www.amoeiro.gal](http://www.amoeiro.gal)).

Amoeiro, 16 de xuño de 2016. O alcalde.

Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

##### Anuncio

##### Selección de 1 auxiliar administrativo

Puesto de trabajo: 1 plaza de auxiliar administrativo, mediante contrato temporal para obra/servicio determinado por un plazo de tres meses (del 1 de julio hasta el 30 de septiembre de 2016).

Presentación de solicitudes: en el Registro de entrada del Ayuntamiento de Amoeiro (de 9:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes), o bien mediante el procedimiento que regula el artículo 38.4 de la Ley 30/1992.

Prazo de presentación: durante el plazo de cinco días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y en el tablón de edictos del ayuntamiento (si el último día del plazo coincide con sábado, se entenderá prorrogado al siguiente día hábil).

Documentación: instancia dirigida al alcalde, acompañada de la documentación acreditativa de los requisitos exigidos y de los méritos que se deseen alegar.

Requisitos y criterios de selección: de acuerdo con las bases aprobadas a disposición de los/as interesados/as en las oficinas del ayuntamiento y publicadas en la página web del Ayuntamiento ([www.amoeiro.gal](http://www.amoeiro.gal)).

Amoeiro, 16 de junio de 2016. El alcalde.

Fdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

R. 2.023

#### Boborás

##### Anuncio

Ao non presentaren reclamacións ou suxestións, durante o prazo legalmente establecido, contra o acordo de aprobación inicial do Regulamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Boborás, publicado no Boletín Oficial da Provincia

con data 26/04/2016, queda definitivamente aprobado de conformidade co sinalado no artigo 49. C) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do seguinte xeito:

Regulamento de Funcionamento e Organización do Punto de Atención á Infancia do Concello de Boborás

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1.- Obxecto

Este regulamento, de conformidade co disposto no artigo 20.4 b) do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e no artigo 7.1.b) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (en diante PAI) de Boborás.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

Constitúe o ámbito de aplicación deste regulamento, o PAI do Concello de Boborás, que se configura como establecemento de carácter diúrno e de titularidade municipal.

Capítulo II. Datos do centro

Artigo 3.- Definición do centro

Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os de atención á infancia no artigo 28. Denominanse aos Puntos de Atención á Infancia (PAI) a aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados nos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio ós pais, tutores ou representante legais dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos, cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Artigo 4.- Datos identificativos

O PAI está situado no recinto do CEIP "Nosa Señora de Xuvencos" do Concello de Boborás, na rúa Evaristo Riande, s/n, 32514, Boborás (Ourense). O teléfono do centro é 988 402 030 o e-mail: [pai@boboras.org](mailto:pai@boboras.org).

Artigo 5.- Titularidade

A entidade titular deste centro é o Concello de Boborás e o seu número de inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais é o E- 488 onde o seu representante é o alcalde. O enderezo do Concello é Cristóbal Colón, s/n. O teléfono é 988 402 008, o fax 988 402 108 e o e-mail: [administracion@boboras.org](mailto:administracion@boboras.org).

Artigo 6.- Autorizacións que ten concedidas

En canto á data do permiso de inicio de actividades consta o 4 de decembro de 2006.

Artigo 7.- Tipo de xestión/financiamento

O tipo de xestión que se leva a cabo é directa, o financiamento do PAI será cos recursos do concello e cos prezos públicos que aboarán as persoas usuarias e que estarán reguladas pola ordenanza municipal.

Artigo 8.- Prezos públicos

Serán fixados baixo unha ordenanza municipal.

Capítulo III. Funcionamento

Artigo 9.- Obxectivos do PAI

- Servir de apoio aos pais, tutores ou gardadores no coidado dos nenos/as de entre 3 meses e 3 anos, cando concorran circunstancias socio-laborais que lles impidan ou dificulten a realización desta función, así como atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Proporcionar unha atención integral sen distinción de raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia social ou persoal. A través de diferentes programas que garantan o desenvolvemento físico, intelectual e afectivo dos mesmos.